


XXVIII CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. III CATEGORÍA. 4º ESO e 1º e 2º Bacharelato.

Nome: _____ Curso: _____ Sección _____

1. Completa este pasapalabra.



Por A: Outeiro onde se asenta o castelo de Calatrava a Nova.	
Por B: Apelido dun historiador asasinado polos nazis en 1944.	
Por C: Escultora falecida en 1943 moi vencellada a Rodin.	
Por D: País cuxa capital é Copenhague.	
Por E: Bisbarra galega á que pertence o concello de Pontes de García Rodríguez.	
Por F: Localidade danesa que ten irmandade con Catoira.	
Por G: Muller do caudillo Don Pelayo.	
Por H: Filósofo coñecido como <i>O escuro de Éfeso</i> .	
Por I: Expresión xaponesa que ven a significar durmir estando presente.	
Por J: Localidade oscense onde houbo un pronunciamento militar a prol da república en 1930.	
Por K: Unión no século XV de Dinamarca, Noruega e Suecia.	
Por L: Heroe da independencia do Congo e Primeiro Ministro que tivo o país ata o seu asasinato.	
Por M: Apelido do inventor do teléfono, según recoñeceu o Congreso de EE.UU no 2002.	
Por N: Etapa dentro da prehistoria na que xurdiu a agricultura, a gandeiría e a cerámica.	
Por O: Masa de auga que separa normalmente continentes.	
Por P: Pai de Carlomagno.	
Por R: Trashumancia outonal das ovellas no sur de Finlandia.	
Por S: Apelido de Isabel, a dos amantes de Teruel.	
Por T: Bérber que dirixiu a conquista musulmana da península ibérica dende o 711.	
Por U: Depresión calcárea ampla de fondo plano ou irregular.	
Por V: Saúdo típico da illa croata de Korcula que significa <i>Se feliz</i> .	
Por W: Apelido da pintora que se autoretratou na pintura <i>O triunfo de Baco</i> de 1659.	
Por X: Emperador de reinado máis longo e glorioso da dinastía china Tang.	
Por Y: Río sobre o que se atopa a ponte Fish Bridge.	
Por Z: Expresión en burkinés que significa <i>Fai o teu traballo</i> .	

2. Localiza a primeira imaxe, correspondente a un mosteiro galego. Na segunda imaxe sitúa esa preciosa localidade da Comunidade Valenciana.



3. Contesta a estas cuestións.

1. En que Comunidade Autónoma sitúas as formacións xeolóxicas do Picuezo e a Pícueza?	
2. ...por certo, que roubaban o <i>picuezo</i> e a <i>picueza</i> e por mentirosos e ladróns quedaron convertidos nesas pedras?	
3. Cal destas batallas é anterior (máis vella) no tempo: Bailén, S. Quintín, Navas de Tolosa ou Rande?	
4. Quen reinaba en España cando naceu a gran actriz Conchita Montenegro que se negou nunha proba a darlle un bico ao mismísimo Clark Gable?	
5. Expresión en suajili que transmite un irresistible desexo de quitarse a roupa cando bailas.	
6. En que ano foi excarcelado Iñaki Sarasketa, implicado no atentado que costou a vida á primeira vítima de ETA, Pardines?	
7. En que país sitúas o corredor de Caprivi?	
8. Que palabra empregada nas illas Marquesas serve para designar tanto “rostro” como “ollos”?	
9. Por cantas moedas estaba á venda Rosa, de 18 anos, según reza o cartel que lle colga do pescozo no seu corpo espido na pintura de Jiménez Aranda de 1897 <i>Una esclava en venta</i> ?	
10. En que milenio estaríamos no ano 1303 a. C.?	
11. En que ano unha manifestación carlista en Estella berrou <i>¡Franco, traidor, sí señor!</i>	
12. Deportista co récord máis lonxevo de atletismo, tanto feminino como masculino.	
13. A cabeza de que rei foi devolta en 1954 a Tanzania, logo de ser cortada polos alemáns en 1894 na guerra Maji Maji?	
14. Edificio situado en Harare (Zimbabue) refrixerado naturalmente no seu interior.	
15. Quen foi o <i>Anxo de Varsovia</i> que faleceu aos 98 anos no 2008 e que salvou a máis xudeus que Schindler?	
16. Nome da estrutura provisional a xeito de cabana, feita con polas, herbas e follas típica de Urgunt, nas terras altas Asia central, según nos relata Paul Salopek na súa increíble viaxe a pe Máis alá do Edén	
17. Cal destas illas que forman parte do arquipélago das Malvinas é máis septentrional: Pelada, Goicoechea, Trinidad ou Bougainville?	
18. Que observarías se pegas o ollo á mirilla de Villa Malta?	
19. Protagonista da revolución rusa que dixo: <i>Se a emancipación da muller é impensable sen o socialismo, entón o socialismo é impensable se a total emancipación da muller.</i>	
20. Cal é a capital de Servia?	
21. Escultora que representou a Ícaro cun á de surf baixo o brazo en Alicante.	
22. Que xeneral escribiulle unha carta pública a Queipo de Llano chamándolle <i>miserable bufón, cobarde y borracho</i> por fusilar ao seu terceiro fillo durante a guerra civil en 1937?	
23. Quen pintou, emulando á pintura Guernica, o <i>Bombardeo de Colmenar Viejo</i> en 1937?	
24. Unica reserva de vida salvaxe en EE.UU accesible en metro.	
25. Que peixe era o rei nas Terras Altas de Escocia (Wick) no XIX?	
26. ...por certo, que nome lle daban os lugareños a ese peixe daquela?	
27. Que programa de TV presentado por Carlos Tena xerou polémica pola interpretación da banda de punk feminina Vulpes do tema <i>Me gusta ser uina zorra</i> en 1983?	
28. Cal é o obxecto astronómico que máis se asemella a unha esfera perfecta (so se diferencia 0,0002 %) segundo a medición do Instituto Max Planck?	
29. Que océano baña as illas Mascareñas?	
30. Por que territorios tiñan que exercer a misión os xesuítas contratados en 1723 polo IV Conde de Maceda para desenvolver actividades misioneras, tan importantes para a Compañía?	

4. Completa este encadeado sobre a nosa cidade:

Un municipio como Vigo considérase como unha cidade en España, dende o punto de vista cuantitativo, por superar a cifra de _____ habitantes. Como municipio ocupa o posto _____ en España en canto a poboación.

Cal é a parroquia do municipio de Vigo máis oriental? _____.

Aínda que agora loce no seu escudo unha oliveira, antes das Cortes de Cádiz a xurisdicción da cidade correspondía ao Arcebispo de Santiago e, xa que logo, tiña no seu escudo unha _____. Cantos reais de vellón percibía ese Arcebispo da vila de Vigo segundo o Catastro de Ensenada? _____. En outubro de 1843, Espartero organizaba dende o exilio un levantamento ao que se adheriu a Milicia Nacional, tomando a cidade asaltando a porta da Gamboa, como había 34 anos antes contra dos franceses, pero o Capitán Xeneral de Galicia _____ declarou o estado de guerra na cidade e a través do comandante xeneral Cotoner desarmou aos insurxentes. Uns anos despois (1846) houbo outro pronunciamento famoso que afectou a Vigo e ao seu lazareto, San Simón, xa que quedou bloqueado. Que rúa en Vigo lembra e fai referencia a ese feito histórico? _____.

A chegada da segunda metade do XIX supuxo para a cidade un pulo. Un exemplo é o desenvolvemento das comunicacións, moi característico da segunda revolución industrial. Que lugar comunicou Vigo na primeira conexión telegráfica submariña? _____.

En 1936 os galegos votaron o seu Estatuto de Autonomía. O deputado en Cortes e famoso agrarista _____ dixo *O meu país, que permanece de xeonllos desde a súa submisión aos Reis Católicos ata a Segunda República, púxose en pé para empezar unha nova vida.* En Vigo, dun censo de votantes de _____, máis de 22.000 votaron afirmativamente. Quen era o alcalde de Vigo daquela? _____.